

Os rexistros de emisións

Os rexistros de emisións son inventarios nos que se asocia a cada fonte contaminante as súas emisións para un período de tempo determinado. Deste xeito ditos rexistros constitúen ferramentas estratéxicas empregadas nas políticas e programas ambientais que permiten fomentar a mellora do comportamento medioambiental, facilitar o acceso do público á información sobre emisións e transferencias de contaminantes, seguir a evolución da situación, comprobar a observancia de determinados acordos internacionais, establecer prioridades e avaliar os progresos logrados por medio das políticas e programas medioambientais comunitarios, nacionais e autonómicos.

É obxectivo da Comunidade Autónoma de Galicia, acadar todos os beneficios que poden ofrecer estes rexistros para as partes interesadas: ao público, ás actividades rexistradas e á propia administración. Para iso estase a traballar na creación de rexistros electrónicos que permitirá facilitar a relación entre a administración e os usuarios, axilizar o procesado dos datos contidos e subministrar en tempo real a información ao público, garantindo deste xeito o cumprimento do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información e participación do público na toma de decisións en materia de medio ambiente.

O rexistro E-PRTR previsto no regulamento 166/2006/CE é o primeiro rexistro electrónico que formará parte do "Rexistro Galego de Emisións" e, no curto prazo, espérase incorporar novos rexistros como poden ser o de compostos orgánicos volátiles que se atopa definido nos Rd 117/2003 e Rd 227/2006, ou o de emisións á atmosfera regulado, entre outra lexislación, no Rd 833/1975.

Para máis información:

Subdirección Xeral de Tecnoloxía e Control Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 981 957 594 • Fax: 981 957 545
<http://medioambiente.xunta.es>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Calidade e Avaliación Ambiental

Cofinanciado pola



Unión Europea

Os rexistros de emisións en Galicia

O EPER

¿Que é o EPER?

EPER responde ás siglas de *European Pollutant Emission Register* (Rexistro Europeo de Emisións Contaminantes). Os tipos de emisións recollidas no EPER son emisións á atmosfera e emisións á auga.

¿Por que se realiza o EPER?

A Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación (IPPC), establece no seu artigo 15 a obrigatoriedade de inventariar e subministrar información sobre os datos das principais emisións e as súas fontes responsables; para estes efectos, a Comisión publicou a Decisión 2000/479/CE, do 17 de xullo de 2000, relativa á realización dun inventario europeo de emisións contaminantes.

Este conxunto normativo trasladouse á lexislación estatal mediante o artigo 8 da Lei 16/2002 polo que se incorpora ao ordenamento interno español á citada directiva.

A normativa e os principais efectos normativos relacionados co EPER amósanse na táboa 2.

Instalacións afectadas

No EPER, atópanse afectadas todas aquelas instalacións que se enumeran no anexo I da Lei 16/2002. No mesmo, están clasificadas as actividades por sector de actividade. Cada sector pode estar afectado ao completo ou en función do valor dun parámetro característico.

Táboa 1

INSTALACIÓNS AFECTADAS POLA LEI 16/2002 (IPPC) (EPER - ata 2007)

1. Enerxía e Refinerías de petróleo
2. Produción e Transformación de metais
3. Industrias dos metais
4. Industrias químicas
5. Xestión de residuos
6. Industrias de papel e cartón
7. Industria textil
8. Industria do coiro
9. Industrias agroalimentarias e explotacións gandeiras
10. Consumo de disolventes orgánicos
11. Industrias do carbono

Valor umbral de emisión e publicidade dos datos

Os valores umbrals de emisión, son os valores fixados pola Comisión Europea a partir dos cales as emisións notificadas por substancia e por complexo (kg/ano) poderán facerse públicas. Non deben confundirse cos valores límite de emisión establecidos na regulamentación ambiental en vigor.

O organismo encargado de facer públicos os datos é a Comisión Europea aínda que o Ministerio de Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poden publicar os datos validados no ámbito das súas competencias.

Táboa 2

NORMATIVA E EFECTOS NORMATIVOS RELACIONADOS CON EPER.

¿A que obriga?	Decisión 2000/479/CE (EPER)	Lei 16/2002
	Art. 1.1. "Os Estados membros notificarán á Comisión as emisións de todos os complexos individuais nos que se leven a cabo unha ou máis actividades que figuren no anexo I da Directiva 96/61/CE".	Art. 1.3. "Os titulares das instalacións (do anexo I da Lei) notificarán, polo menos unha vez ao ano, ás CCAA nas que estean situados, os datos sobre as emisións correspondentes á instalación". Art. 8.4. "As CCAA remitirán a información ao Ministerio de Medio Ambiente (...) a efectos da elaboración do Inventario Estatal de Emisións e a súa comunicación á Comisión".

¿A quen obriga?	Unicamente aos Estados membros.	Ao Ministerio de Medio Ambiente, ás CCAA e aos titulares das instalacións afectadas.
¿Que datos se deben subministrar?	Art. 1.2. Os datos correspondentes a cada complexo relativos as emisións á atmosfera e á auga da lista de 50 contaminantes recollidos no anexo A1 da Decisión que superen o umbral de emisión.	Art. 8.3. Os datos sobre as emisións correspondentes á instalación.
¿Con que periodicidade?	Art. 2. Os Estados membros informarán á Comisión cada tres anos a partir do ano 2003.	Art. 8. As notificacións son anuais dende o ano 2002.

Características dos datos

- Co fin de homoxeneizar, todos os valores exprésanse en kg/ano.
 - Os valores de emisión poden ser medidos (M), calculados (C) ou estimados (E).
- M. Dato baseado en medidas realizadas (análises) ou utilizando métodos normalizados e/ou aceptados.
- C. Dato baseado en cálculos utilizando métodos de estimación e factores de emisión aceptados no ámbito nacional e internacional (balances de materia, factores de emisión, etc.).
- E. Dato baseado en estimacións non normalizadas (experiencia, opinión de expertos, etc.).

O novo EPER: E-PRTR

¿Que é o E-PRTR?

E-PRTR responde ás siglas *European Pollutants Release and Transfer Register* (Rexistro Europeo de Emisións e Transferencias de Contaminantes). Os tipos de emisións e transferencias recollidas no E-PRTR son emisións á atmosfera, emisións á auga, emisións ao solo, transferencias fóra do emprazamento de residuos e transferencia fóra do emprazamento de contaminantes a través da auga.

A orixe do E-PRTR

O 4 de febreiro de 2006 foi publicado o Regulamento (CE) nº 166/2006, que modifica as directivas 91/689/CEE e 96/61/CE, e do que resulta a ampliación das competencias, dos controis a realizar e da información a remitir á administración. Como resultado deste regulamento (CE) a partir do ano 2007, o EPER, pasará a ser designado como E-PRTR.

Principais novidades de E-PRTR respecto de EPER

- Deben notificarse, ademais das emisións á atmosfera e á auga: emisións ao solo, transferencias fóra do emprazamento de residuos e transferencia fóra do emprazamento de contaminantes a través da auga.
- A lista de contaminantes ampliase de 50 a 91.
- Reportaranse as emisións accidentais, ademais das totais.
- O E-PRTR será tamén de aplicación en varios sectores NON IPPC, como as depuradoras de augas residuais urbanas (>100.000 equivalentes habitantes), os asteiros (>100 metros de longo), empresas de tratamento de madeira (>50 m³/día), minas, canteiras (>25 hectáreas), piscifactorías (>1.000 Tm/ano) e outras.
- O E-PRTR incluír inventario de emisións das fontes difusas existentes no territorio.
- O primeiro inventario realizarase sobre as emisións do ano 2007 e publicarase no 2009, para o cal a Comisión editará unha guía de cumprimento.

O Regulamento (CE) nº 166/2006 entra en vigor o 24 de febreiro de 2006, e xa será de aplicación ás emisións de substancias contaminantes realizadas no ano 2007.

No E-PRTR, atópanse afectadas todas aquelas instalacións que se enumeran no anexo I do Regulamento (CE) nº 166/2006. Cada sector pode estar afectado ao completo ou en función do valor dun parámetro característico.

Táboa 3

INSTALACIÓNS AFECTADAS POLO REGULAMENTO (CE) Nº 166/2006

1. Sector da enerxía.
2. Produción e transformación de metais.
3. Industria mineral.
4. Industria química.
5. Xestión de residuos e augas residuais.
6. Fabricación e transformación de papel e madeira.
7. Gandería e acuicultura intensiva.
8. Produtos de orixe animal e vexetal da industria alimentaria e das bebidas.
9. Outras actividades. (textil, coiro, carbono, tratamento de superficies con disolventes orgánicos e construción/pintura/decapado de buques).

Táboa 4

NORMATIVA E EFECTOS NORMATIVOS RELACIONADOS CO E-PRTR

	Regulamento (CE) Nº 166/2006 (E-PRTR)
¿A que obriga?	Art. 5. O titular de cada complexo que realice unha ou varias actividades das incluídas no anexo I de dito Regulamento, deberá subministrar a información relacionada coas emisións e transferencias indicadas na citada norma. Art. 7. Os Estados Membros deberán determinar a data na que os titulares comunicarán a súa autoridade competente a información á que se fai referencia no artigo 5. Os datos serán comunicados a Comisión Europea. Art. 16. Os Estados Membros realizarán cada 3 anos unha comunicación de información suplementaria á incluída nas comunicacións anuais.
¿A quen obriga?	Aos titulares dos complexos do anexo I e aos Estados membros.
¿Que datos se deben subministrar?	Art. 5. Os datos correspondentes a cada complexo relativos a: a) emisións á atmosfera, á auga e ao solo dos contaminantes incluídos no anexo II. b) transferencias fóra do emprazamento de residuos perigosos >2 toneladas anuais ou de residuos non perigosos >2.000 toneladas anuais. c) transferencias fóra do emprazamento de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II en augas residuais.
¿Con que periodicidade?	Art. 5. O titular de cada complexo comunicará os datos anualmente. Art. 7.2. Os estados membros comunicarán á Comisión os datos anualmente. A primeira comunicación será no 2009 cos datos do primeiro ano de referencia, que será o 2007.

